

As BPM do Concello de Teo, reabren as portas a partir do día 18 de maio

Durante a FASE 1 do desconfinamento, o horario de atención ao público, vai ser:

BPM do Grilo-Cacheiras: de luns a venres, entre as 10:00 e as 13:00 horas.

BPM - Os Tilos: de luns a venres, entre as 14:00 e as 18:45 horas.

SERVIZOS QUE SE VAN PRESTAR DURANTE A FASE 1 DO DESCONFINAMENTO:

1. DEVOLUCIÓN DE MATERIAIS PRESTADOS

Farase preferentemente na caixa habilitada para tal función no recibidor da biblioteca.

(Unha vez entregados, pasarán un período de corentena (14 días) antes de volver aos andeis, para garantir a seguridade dos usuarios).

2. PRÉSTAMO A DOMICILIO

Para evitar aglomeracions puntuais e garantir o distanciamento físico, realizarase baixo demanda con **CITA PREVIA**, mediante a solicitude por teléfono ou e-mail dos libros ou materiais que se precisen retirar.

O persoal da biblioteca será o encargado de localizalos e entregalos ás/aos usuarios cando se acheguen á biblioteca para recollelos. **NESTA FASE NON ESTÁ PERMITIDO O ACCESO ÁS COLECCIÓNNS.**

3. INFORMACIÓN BIBLIOGRÁFICA E BIBLIOTECARIA

A faremos, preferentemente, a través dos medios habituais de comunicación telemática: telefono, correo electrónico e redes sociais.

SERVIZOS QUE NON ESTARÁN DISPOÑIBLES DURANTE A FASE 1 DO DESCONFINAMENTO :

- Actividades Culturais, actividades de estudo-lectura en sala, así como calquera outro servizo destinado ao público distinto dos mencionados nos puntos anteriores.

- Nesta fase, non estará permitido o acceso e libre circulación polas salas da biblioteca, excepto nos espazos delimitados para realizar a devolución e préstamo de materiais. Porén, **non se poderá acceder á sala infantil, ás salas de consulta/estudo, nin ao servizo de Internet (computadoras Aula da Deputación).**

- **Tampouco se permitirá o acceso directo aos andeis onde se atopan as colecciónns**, os materiais só poderán ser retirados e entregados polo persoal bibliotecario.

- **Restrínxese o acceso aos servizos** , ao non poderse garantir a súa hixienización despois de cada uso.

PROTOCOLO A SEGUIR PARA ACCEDER Á BIBLIOTECA

- Como é lóxico, non poderán acudir ás bibliotecas as persoas que presenten síntomas ou estean en illamento domiciliario debido a un diagnóstico por COVID-19, ou que se atopen en periodo de corentena domiciliaria por estar en contacto con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
- Os usuarios, deben entrar nas instalacións INDIVIDUALMENTE, agardando pola súa quenda no recibidor.
- No caso de nenos **menores de 14 anos**, deberán estar acompañadas por un adulto. (Poderán acudir dúas crianzas máximo acompañadas por un adulto que se faga responsable delas).
- Deberase manter unha distancia física de cando menos 2 m.
- Recoméndase acudir CON MÁSCARA de protección facial.
- Antes de entrar, os usuarios deberán desinfectar as mans empregando xel hidroalcohólico que atoparán nun dispensador colocado na entrada a tal fin.

CONTACTO

- **Teléfono** : - mañá : 981 80 64 00
- tarde : 881 064 128

- **Correo electrónico:** mediateca@teo.gal
bibliotecatilos@teo.gal